



# **PROGRAMACIÓN DE BUXO ARTÍSTICO 1º DE BACHARELATO**

**Departamento de Buxo**

**les de Mugaridos  
curso 21-22**

## Índice de contenido

|   |          |
|---|----------|
| <b>PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE DEBUXO ARTÍSTICO.....</b>   | <b>2</b> |
| 1 - Introducción e contextualización.....   | 3        |
| 2 – Contribución dos estándares de aprendizaxe avaliados ao desenvolvemento das sete competencias clave.....  | 4        |
| 2.1 Perfil de área 1º de Bacharelato.....   | 4        |
| 2.2 Perfil competencial 1º de Bacharelato.....  | 7        |
| 3 – Metodoloxía.....  | 7        |
| 4 - Materiais e recursos didácticos.....  | 9        |
| 5 – Desenvolvemento dos estándares de aprendizaxe: temporalización, mínimo para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación..... | 10       |
| 5.1 Unidades didácticas .....   | 10       |
| 5.1.1 UD 1º de Bacharelato.....   | 10       |
| 5.2 Procedementos e instrumentos de avaliación.....   | 11       |
| 5.2.1 Observación e rexistro da actitude de cara a materia:.....  | 11       |
| Probas escritas ou orais.....   | 11       |
| 5.3. Obxectivos de Bacharelato.....   | 12       |
| 5.4 Cadro da programación da materia.....   | 15       |
| 5.4.1 cadro de 1º de Bacharelato debuxo artístico.....  | 15       |
| 5.5 Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe para superar a materia.....  | 21       |
| 5.5.1 Grao de consecución de los estándares de aprendizaxe.....   | 21       |
| 5.5.2 Grao de consecución mínimo de 1º de Bacharelato.....  | 21       |
| 6 - Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....  | 23       |
| 7 - Indicadores de logro para avaliar o proceso e da práctica docente.....  | 25       |
| 8 - Indicadores de logro para avaliar a programación docente.....   | 29       |
| 9 - Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....   | 31       |
| 10 - Deseño da avaliación inicial.....  | 31       |
| 11 - Medidas de atención á diversidade.....   | 32       |
| 12 - Elementos transversais.....  | 32       |
| 13 - Actividades complementarias e extraescolares.....  | 33       |
| 14 - Accións de contribución ao proxecto lector.....  | 33       |
| 15 - Accións de contribución ao proxecto TIC.....   | 33       |
| 16 - Accións de contribución ao plan de convivencia.....  | 33       |
| 17- Información ás familias.....  | 34       |

## PROGRAMACIÓN DA MATERIA DE DEBUXO ARTÍSTICO

## **1 - Introducción e contextualización**

Partindo das destrezas e dos coñecementos adquiridos polo alumnado na materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, da educación secundaria obrigatoria (ESO), en bacharelato afondarase nas destrezas e no conceptos do debuxo como ferramenta do pensamento que participa no proceso creativo, comunicativo, plástico e visual, contribuíndo a adquirir as competencias necesarias para a formación permanente da persoa.

A materia Debuxo Artístico achega coñecementos teóricos, técnicos e estéticos, fomentando un pensamento diverxente. A aprendizaxe estética debe realizarse sobre bases teóricas e prácticas, fomentando a creatividade, o espírito de investigación e a formación permanente.

De xeito gradual e secuencial, os coñecementos e as destrezas adquiridos en Debuxo Artístico I deben ser a base sobre a que se asente Debuxo Artístico II. Ensinarase e aplicarase o principio de partir do particular para o xeral, para que o alumnado vaia adquirindo as habilidades e os conceptos para construír aprendizaxes significativas, mediante o deseño de proxectos globais.

En Debuxo Artístico I, o alumnado traballa a materia de forma máis obxectiva, para dedicar o segundo curso a aspectos máis subxectivos, desenvolvendo o seu potencial creador orientado cara ás múltiples alternativas formativas artísticas máis acordes cos seus intereses.

Ao traballar de xeito creativo, o alumnado desenvolve a capacidade crítica aplicándoa ás súas propias creacións e ás dos seus compañeiros e as súas compañeiras; valora o feito artístico e goza del, sensibilizándose cara ao contorno para a satisfacción estética e como aspecto motivador para o seu desenvolvemento creativo, potenciando a competencia de conciencia e expresión cultural; debe coñecer os antecedentes artísticos e as achegas de artistas ao debuxo, ás artes plásticas e ao deseño, en xeral, a través da historia, e sobre todo a presenza e a función do debuxo nas manifestacións artísticas contemporáneas. O coñecemento da evolución e a súa valoración positiva do debuxo artístico como linguaxe expresiva e comunicativa reforzará as súas aplicacións nunha sociedade cada vez máis tecnolóxica e inmediata.

A materia de Debuxo Artístico nesta etapa debe proporcionar un panorama amplo das súas aplicacións, orientando e preparando para outras ensinanzas posteriores que o alumnado poida cursar, sexan artísticas ou tecnolóxicas, como base para a formación de profesionais creativos/as: ensinanzas artísticas superiores, ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, belas artes e outras afíns; en definitiva, ensinanzas creativas nas súas múltiples facetas (interiores, moda, produto gráfico, multimedia, xoiaría, ilustración, deseño web, multimedia, etc.).

Debuxo Artístico estrutúrase en cinco bloques de contido: "O debuxo como ferramenta", "Liña e forma", "A composición e os seus fundamentos", "A luz: o claroscuro e a textura" e "A cor".

O I.E.S. de Mugaros está situado no concello de Mugaros. No caso do bacharelato, recibe estudantes de Mugaros e do concello de Ares. Unha parte do alumnado procede de núcleos de poboación (a Vila de Ares, a Vila de Mugaros, Franza e o Seixo). Outra parte procede da zona rural.

A composición do departamento de debuxo consta dunha soa persoa, eu mesma, Marta González Pérez que sendo xefa do departamento imparto clase neste curso escolar en 1º, 3º e 4º de Eso, así como DT en 2º bac e artístico en 1º.

Asemade son coordinadora e mentora do SEMGal e pertenzo ao departamento de Orientación.

Esta materia impártese na aula de Debuxo.

Este aula foi dotada de pizarra dixital, un ordenador fixo, un Apple TV e unha impresora. Ademais dispón dun encerado de xiz e un corcho. Neste curso temos problemas coa WIFI e eso entorpece o meu traballo.

Temos tamén algún cabalete que non son suficientes para traballar con todo o alumnado á vez.

Ademáis hai escaiolas para debuxar.

## **2 – Contribución dos estándares de aprendizaxe avaliados ao desenvolvemento das sete competencias clave.**

### **2.1 Perfil de área 1º de Bacharelato**

A contribución dos estándares de aprendizaxe avaliados da materia de debuxo artístico ao desenvolvemento das competencias clave recóllese na seguinte táboa:

| <b>Competencia</b>                   | <b>Estándares de aprendizaxe 1º bacharelato (19 estándares)</b>  |
|--------------------------------------|--|
| Comunicación lingüística (CCL)15,78% | <p>DA1.B1.1.2. Selecciona, relaciona e emprega con criterio a terminoloxía específica, de forma oral e escrita, en postas en común ou probas individuais, aplicada a producións propias ou alleas.</p> <p>DA1.B4.2.1. Coñece o valor expresivo e configurador da luz, en valores tanto acromáticos como cromáticos, e explicar verbalmente eses valores en obras propias e alleas.</p> <p>DA1.B5.1.2. Demostra o coñecemento, con explicacións orais, escritas e</p> |

|  |  |
|--|--|
|  | gráficas, dos fundamentos teóricos da cor en composicións e estudos cromáticos.  |
| Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)5,26% | DA1.B2.2.2. Describe graficamente as formas atendendo ás súas proporcións, relacionándoas con formas xeométricas simples.  |
| Competencia dixital (CD)10,52%   | DA1.B4.3.1. Observa e utiliza a textura visual con procedementos gráfico-plásticos, con fins expresivos e configuradores, en obras propias e alleas.<br><br>DA1.B5.1.5. Representa os matices cromáticos, a partir de observación do natural, mediante a mestura de cores primarias.   |
| Aprender a aprender (CAA)5,26%   | DA1.B3.2.1. Relaciona e representa as formas no plano atendendo ás leis visuais asociativas, ás organizacións compositivas, ao equilibrio e ás direccións visuais en composicións cunha finalidade expresiva, analítica ou descritiva.   |
| Competencias sociais e cívicas (CSC)10,52%   | DA1.B1.1.1. Valora e coñece a importancia do debuxo artístico, as súas aplicacións e as súas manifestacións a través da historia e na actualidade, co estudo e a observación de obras e artistas significativos/as.<br><br>DA1.B1.3.1. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.   |
| Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)57,89%                         | DA1.B1.2.1. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráficas, adecuándoos ao obxectivo plástico desexado.<br><br>DA1.B1.3.2. Amosa unha actitude autónoma e responsable, respectando o traballo propio e alleo.<br><br>DA1.B2.1.1. Utiliza a liña na descrición gráfica de obxectos expresando volume, movemento, espazo e sensacións subxectivas.<br><br>DA1.B2.1.2. Representa formas naturais e artificiais, de maneira analítica ou expresiva, atendendo á comprensión da súa estrutura interna.<br><br>DA1.B2.2.1. Comprende e representa as formas desde distintos puntos de vista.<br><br>DA1.B3.1.1. Selecciona os elementos gráficos esenciais para a representación da realidade observada segundo a función que se persiga (analítica ou subxectiva) e o seu grao de iconicidade.<br><br>DA1.B4.1.1. Representa o volume, o espazo e a textura aplicando técnicas gráfico-plásticas mediante valores lumínicos.<br><br>DA1.B4.2.1. Coñece o valor expresivo e configurador da luz, en valores tanto acromáticos como cromáticos, e explicar verbalmente eses valores en obras propias e alleas.<br><br>DA1.B5.1.1. Aplica a cor seguindo as dimensións desta (valor-luminosidade, saturación-intensidade e croma-ton) na representación de composicións e formas naturais e artificiais. |

|   |   |
|---|---|
|   | <p>DA1.5.1.4. Analiza o uso da cor observando as producións artísticas de referencia en todas as súas manifestacións.</p> <p>DA1.B5.1.5. Representa os matices cromáticos, a partir de observación do natural, mediante a mestura de cores primarias.</p>   |
| <p>Conciencia e expresións culturais (CCEC)68,42%</p> | <p>DA1.B1.1.1. Valora e coñece a importancia do debuxo artístico, as súas aplicacións e as súas manifestacións a través da historia e na actualidade, co estudo e a observación de obras e artistas significativos/as.</p> <p>DA1.B1.2.1. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráficas, adecuándoos ao obxectivo plástico desexado.</p> <p>DA1.B2.1.1. Utiliza a liña na descrición gráfica de obxectos expresando volume, movemento, espazo e sensacións subxectivas.</p> <p>DA1.B2.1.2. Representa formas naturais e artificiais, de maneira analítica ou expresiva, atendendo á comprensión da súa estrutura interna.</p> <p>DA1.B2.2.1. Comprende e representa as formas desde distintos puntos de vista.</p> <p>DA1.B3.1.1. Selecciona os elementos gráficos esenciais para a representación da realidade observada segundo a función que se persiga (analítica ou subxectiva) e o seu grao de iconicidade.</p> <p>DA1.B4.1.1. Representa o volume, o espazo e a textura aplicando técnicas gráfico-plásticas mediante valores lumínicos.</p> <p>DA1.B4.2.1. Coñece o valor expresivo e configurador da luz, en valores tanto acromáticos como cromáticos, e explicar verbalmente eses valores en obras propias e alleas.</p> <p>DA1.B4.3.1. Observa e utiliza a textura visual con procedementos gráfico-plásticos, con fins expresivos e configuradores, en obras propias e alleas.</p> <p>DA1.B5.1.1. Aplica a cor seguindo as dimensións desta (valor-luminosidade, saturación-intensidade e croma-ton) na representación de composicións e formas naturais e artificiais.</p> <p>DA1.B5.1.2. Demostra o coñecemento, con explicacións orais, escritas e gráficas, dos fundamentos teóricos da cor en composicións e estudos cromáticos.</p> <p>DA1.B5.1.3. Aplica de maneira expresiva a cor na obra plástica persoal.</p> <p>DA1.5.1.4. Analiza o uso da cor observando as producións artísticas de referencia en todas as súas manifestacións.</p> |

## 2.2 Perfil competencial 1º de Bacharelato.

| <b>1º Bacharelato</b>  |         |
|--|---------|
| ▪ DA1.B2.1.2. Representa formas naturais e artificiais, de maneira analítica ou expresiva, atendendo á comprensión da súa estrutura interna.   | ▪ CCEC  |
| ▪ DA1.B2.2.2. Describe graficamente as formas atendendo ás súas proporcións, relacionándoas con formas xeométricas simples.  | ▪ CMCCT |
| ▪ DA1.B1.1.2. Selecciona, relaciona e emprega con criterio a terminoloxía específica, de forma oral e escrita, en postas en común ou probas individuais, aplicada a producións propias ou alleas.  | ▪ CCL   |
| ▪ DA1.5.1.4. Analiza o uso da cor observando as producións artísticas de referencia en todas as súas manifestacións.   | ▪ CSIEE |
| ▪ DA1.B1.3.1. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.  | ▪ CSC   |
| ▪ DA1.B3.2.1. Relaciona e representa as formas no plano atendendo ás leis visuais asociativas, ás organizacións compositivas, ao equilibrio e ás direccións visuais en composicións cunha finalidade expresiva, analítica ou descritiva. | ▪ CAA   |
| ▪ DA1.B4.3.1. Observa e utiliza a textura visual con procedementos gráfico-plásticos, con fins expresivos e configuradores, en obras propias e alleas.   | ▪ CD    |

### 3 – Metodoloxía

**NESTE CURSO O TRABALLO EN GRUPO NON SERÁ POSIBLE POR MOR DA COVID.**

A metodoloxía utilizada favorecerá o traballo individual e en grupo o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido.

As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria para a aprendizaxe en esta materia.

Como liñas metodolóxicas no desenvolvemento deste currículo, propóñense, entre

outras:

-Relacionar a teoría coa práctica, buscando a aplicación do aprendido.

-Traballar con casos prácticos presentes na vida cotiá.

-Incidir na necesidade do esforzo e tenacidade para o logro de destrezas e precisión nos obxectivos previstos.

-Reflexión e análise crítico dos traballos do alumnado pola miña parte coa participación do grupo.

-Autoavaliación e coavaliación.

**-Ao principio de cada unidade didáctica faranse preguntas do tipo que sei e que quero saber e daranse as explicacións pertinentes utilizando as TICs como apoio e a pizarra. O alumnado debe tomar apuntes . Nalgunhas ocasións poderían facilitarse fotocopias de contidos que se explicarán na clase.**

**Noutros casos serán eles os que deban interpretar a información e preparar o seu propio material. Sempre será logo revisado ou supervisado por min.**

**-O traballo farase na aula. Aínda que en ocasións poderá rematarse na casa. Neste punto quero incidir na importancia da asistencia á clase, é razoable pensar que faltar será un problema para as cualificacións posto que a recuperación destas sesións non serán fáciles de suplir e , incluso, ás veces imposible.**

**É tamén imprescindible acudir á aula co material necesario para o seguimento da materia.**

**-Pódese pedir facer na casa algún tipo de investigación ou tarefa simple.**



A aula virtual do centro resulta imprescindible tanto en presencial coma no resto das casuísticas COVID.

#### **4 - Materiais e recursos didácticos**

Este aula foi dotada de pizarra dixital, un ordenador fixo, un Apple TV e unha impresora. Ademais dispón dun encerado de xiz e un corcho.

Temos tamén algúns cabaletes e escaiolas para poder copiar. Unha estantería con libros de consulta.

Temos unha pila de auga con tres billas para traballar as técnicas húmidas.

Teremos tamén algúns materiais como soportes, marcadores, procedementos de un ou varios usos.

Procurarase utilizar materiais de refugallo para traballar como obxectivo transversal para un consumo responsable.

Non propoño utilizar ningún texto pero sí o uso do Internet.

Usaremos a aula virtual para entregar algúns traballos tamén, e non so como contenedor de recursos ou propostas.

O uso didáctico do móbil estará permitido coa miña supervisión.

Tamén empregaranse apuntes.

En canto ao material que o alumnado desta materia debe ter é o seguinte:

- Block de debuxo Basik tamaño DIN A3
- Lapis HB e B de distintas numeracións.
- Folios brancos que farán de caderno para tomar apuntes, haberá que numeralos e telos ordenados nunha carpetiña ou clasificador.

Neste curso escolar desenvolveremos o proxecto de centro: Mares e Océanos

## **5 – Desenvolvemento dos estándares de aprendizaxe: temporalización, mínimo para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación**

### **5.1 Unidades didácticas .**

A duración e secuenciación aquí recollida é o que resultaría ideal, pero adaptarase, na medida do posible, ao ritmo de aprendizaxe do alumnado e a outras posibles circunstancias externas como por exemplo actividades complementarias deste ou doutro departamento.

#### **5.1.1 UD 1º de Bacharelato.**

##### **Bloque 1. O debuxo como ferramenta.**

| Número | Título                                | Descrición   | Duración (sesións) | Secuenciación (trimestre) |
|--------|---------------------------------------|--|--------------------|---------------------------|
| 1.1    | Debuxo a través da historia.          | Análise de debuxos na historia da arte.                    | 10                 | 1º,2º,3º                  |
| 1.2    | Funcións e características do debuxo. | Tipos de imaxes e características. Funcións destas imaxes. | 7                  | 3º                        |
| 1.3    | Materiais e procedementos             | Distintos usos. Practicas.                                 | 55                 | 1º,2º,3º                  |

##### **Bloque 2. Liña e forma**

| Número | Título                       | Descrición                     | Duración (sesións) | Secuenciación (trimestre) |
|--------|------------------------------|--------------------------------|--------------------|---------------------------|
| 2.1    | A liña gráfica.              | Tipos e usos.                  | 9                  | 1º                        |
| 2.2    | Representacións das formas.  | Debuxo obxectivo e subxectivo. | 10                 | 1º                        |
| 2.3    | Puntos de vista. Perspectiva | Perspectivas                   | 10                 | 2º                        |
| 2.4    | Formas xeométricas simples   | Proporcións. Encaixes.         | 12                 | 1º                        |

##### **Bloque 3. A composición e os seus fundamentos.**

| Número | Título              | Descrición                         | Duración (sesións) | Secuenciación (trimestre) |
|--------|---------------------|------------------------------------|--------------------|---------------------------|
| 3.1    | Equilibrio visual   | Composición.                       | 10                 | 2º                        |
| 3.2    | Grao de iconicidade | Realidade, figuración, abstracción | 4                  | 1º                        |
| 3.3    | Leis visuais.       | Teorías da Gestalt                 | 8                  | 3º                        |

##### **Bloque 4. A luz. O claroscuro e a textura**

| Número | Título        | Descrición                       | Duración (sesións) | Secuenciación (trimestre) |
|--------|---------------|----------------------------------|--------------------|---------------------------|
| 4.1    | O claroscuro. | O volume e o seu valor expresivo | 12                 | 2º                        |

|     |            |              |    |    |
|-----|------------|--------------|----|----|
| 4.2 | A textura. | Tipos e fins | 10 | 2º |
|-----|------------|--------------|----|----|

## Bloque 5. A cor

| Número | Título                | Descrición            | Duración (sesións) | Secuenciación (trimestre) |
|--------|-----------------------|-----------------------|--------------------|---------------------------|
| 5.1    | Teoría da cor         | Cualidades.           | 4                  | 3º                        |
| 5.2    | Expresividade da cor. | Simboloxía e usos.    | 8                  | 3º                        |
| 5.3    | Análise da cor        | A través da historia. | 3                  | 3º                        |

## 5.2 Procedementos e instrumentos de avaliación

As porcentaxes de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares e competencias son iguais para todos estes elementos curriculares.

### 5.2.1 Observación e rexistro da actitude de cara a materia:

A observación e rexistro das actitudes do alumnado vai ser unha constante diaria. Farase por medio de listas de cotexo e observación. Terase en conta os seguintes apartados: Iniciativa / implicación e realización das tarefas.

- Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto orde e estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración de actividades.
- Entrega a tempo e con calidade das producións e coa presentación axeitada (portada, grampado e ben nomeado).  
No caso de non entregar a tempo por motivos non xustificables (Enfermidade con nota da casa ou do médico, ou outras circunstancias que parezan aceptables) non se recollerá e a nota será un 0.
- Esfórzase por aprender.
- Traballa de xeito autónomo.
- Acepta de bo grado as indicacións e ten en conta as correccións para mellorar o seu traballo.
- Hábitos diarios de traballo (deberes)
- Traballo en grupo: desenvolvemento da súa tarefa no grupo, respecto pola opinión dos demais, aceptación da disciplina do grupo, participación nos debates, integración.

### Probas escritas ou orais.

Nas probas orais valoraranse as seguintes cuestións:

- Expresión oral.
- Uso da linguaxe específica.

As probos escritas(exames)de facelos, poderán ter unha parte teórica e unha parte de exercicios prácticos. Valoraranse as seguintes cuestións:

- Expresión escrita e gráfica.
- Uso da linguaxe específica.
- Valorarase a limpeza e precisión na presentación e resolución dos exercicios.

Ao longo das distintas avaliacións faranse entre un e dous parciais de debuxo e recolleranse exercicios, actividades e tarefas variadas, ademais de facer probas orais e practicas na pizarra de resolución de exercicios feitos na casa ou na clase.

### Exercicios, actividades e tarefas (orais ou escritas)

Trátase de proxectos prácticos, actividades, exercicios e cuestións tanto feitas na aula como na casa, etc. Valorarase nas producións do alumnado o seguinte:

- Realización completa e axustándose aos prazos de entrega.
- As achegas para traballos deberán ser correctamente contextualizadas e peneiradas evitándose a copia textual de fontes de información dixital ou escrita sen unha análise, comprensión e elaboración propia.
- A limpeza, curiosidade e precisión nos trazados xa sexan técnicos ou artísticos.
- A letra lexible e ausencia de faltas de ortografía.
- A presentación con portada( na pregunta de metodoloxía explícase como debe facerse esta portada) e grampado ou en carpetiña se son folios o que se entrega.

| Procedemento de avaliación          |             | Instrumento de avaliación  |               |
|-------------------------------------|-------------|--|---------------|
| Probos- Exames                      | <b>EXA</b>  | Probos escritas  | <b>EXA-E</b>  |
|                                     |             | Probos orais   | <b>EXA-O</b>  |
| Actividades e exercicios            | <b>ACT</b>  | Probos prácticas(exercicios,esquemas, mapas mentais, monografías, arquivos de resumos e informes, caderno, aplicacións...) | <b>R-ACT</b>  |
| Producións- Tareas                  | <b>TARE</b> | Rúbricas de producións (traballos de produción, portafolio)  | <b>R-TARE</b> |
| Observación no meu caderno dixital. | <b>OBS</b>  | Observacións(comportamento, interese) listas de cotexo.<br>apartado 5.2.1 observación de actitude                          | <b>LC-OBS</b> |

### 5.3. Obxectivos de Bacharelato

Os obxectivos son os recollidos no Decreto 86/215 do 25 de xuño da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia:

O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha

conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

## 5.4 Cadro da programación da materia

| Competencias clave |  |       |   |
|--------------------|--|-------|---|
| CCL                | Comunicación lingüística.  | CSC   | Competencias sociais e cívicas.               |
| CMCCT              | Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. | CSIEE | Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. |
| CD                 | Competencia dixital.   | CCEC  | Conciencia e expresións culturais.            |
| CAA                | Aprender a aprender.   |       |   |

### 5.4.1 cadro de 1º de Bacharelato debuxo artístico.

| Debuxo Artístico I. 1º de bacharelato .Bloque 1. O debuxo como ferramenta.   |  |   |   |                    |                             |                            |                           |
|--|--|---|---|--------------------|-----------------------------|----------------------------|---------------------------|
| Obxectivos   | Contidos   | Criterios de avaliación   | Estándares de aprendizaxe   | Competencias clave | Procedementos de avaliación | Instrumentos de avaliación | Temporalización (Unidade) |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ d</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ p</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Diferentes modos de ver e debuxar. Debuxo e función.</li> </ul> | B1.1. Valorar a importancia do debuxo como ferramenta do pensamento e fin en si mesmo, a través da historia da arte, no proceso creativo, con fins artísticos, tecnolóxicos ou científicos. | DA1.B1.1.1. Valora e coñece a importancia do debuxo artístico, as súas aplicacións e as súas manifestacións a través da historia e na actualidade, co estudo e a observación de obras e artistas significativos/as. | CSC<br>CCEC        | ACT<br>EXA                  | R-ACT<br>EXA-O             | 1.1                       |
|  |  |   | DA1.B1.1.2. Selecciona, relaciona e emprega con criterio a terminoloxía   | CCL                | ACT<br>EXA                  | R-ACT<br>EXA-O             | 1.2                       |

| <b>Debuxo Artístico I. 1º de bacharelato .Bloque 1. O debuxo como ferramenta.</b>            |   |   |  |                    |                             |                            |                           |
|--|---|---|--|--------------------|-----------------------------|----------------------------|---------------------------|
| Obxectivos   | Contidos  | Criterios de avaliación   | Estándares de aprendizaxe  | Competencias clave | Procedementos de avaliación | Instrumentos de avaliación | Temporalización (Unidade) |
|  |   |   | específica, de forma oral e escrita, en postas en común ou probas individuais, aplicada a producións propias ou alleas.  |                    |                             |                            |                           |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.2. Expresión da subxectividade.</li> </ul>  | B1.2. Utilizar con criterio os materiais e a terminoloxía específica.   | DA1.B1.2.1. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráficas, adecuándoos ao obxectivo plástico desexado. | CSIEE<br>CCEC      | ACT<br>TARE<br>OBS          | R-ACT<br>R-TARE<br>LC-OBS  | 1.3                       |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> </ul>              | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.3. Materiais, utensilios e soportes básicos.</li> <li>▪ B1.4. Introducción ás técnicas secas e á súa aplicación.</li> </ul> | B1.3. Amosar unha actitude autónoma e responsable, respectando as producións propias e alleas, así como o espazo de traballo e as pautas indicadas para a realización de actividades, achegando á aula todos os materiais necesarios. | DA1.B1.3.1. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.                                      | CSC                | OBS                         | LC-OBS                     | sempre                    |
|  |   |   | DA1.B1.3.2. Amosa unha actitude autónoma e responsable, respectando o traballo propio e alleo.   | CSIEE              | OBS                         | LC-OBS                     | sempre                    |

| <b>Debuxo Artístico I. 1º de bacharelato .Bloque 2. liña e forma</b> |   |   |   |                    |                             |                            |                           |
|--|---|---|---|--------------------|-----------------------------|----------------------------|---------------------------|
| Obxectivos   | Contidos  | Criterios de avaliación                           | Estándares de aprendizaxe                           | Competencias clave | Procedementos de avaliación | Instrumentos de avaliación | Temporalización (Unidade) |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> </ul>                | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Elementos básicos na configuración da forma. A liña</li> </ul> | B2.1. Describir graficamente obxectos naturais ou | DA1.B2.1.1. Utiliza a liña na descrición gráfica de | CSIEE              | ACT                         | R-ACT                      | 2.1                       |



| Debuxo Artístico I. 1º de bacharelato .Bloque 2. liña e forma  |   |  |  |                    |                             |                            |                           |
|--|---|--|--|--------------------|-----------------------------|----------------------------|---------------------------|
| Obxectivos   | Contidos  | Criterios de avaliación  | Estándares de aprendizaxe  | Competencias clave | Procedementos de avaliación | Instrumentos de avaliación | Temporalización (Unidade) |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> </ul>                           | como elemento configurador.   | artificiais, amosando a comprensión da súa estrutura interna.                        | obxectos expresando volume, movemento, espazo e sensacións subxectivas.  | CCEC               | TARE<br>OBS                 | R-TARE<br>LC-OBS           |                           |
|  |   |  | DA1.B2.1.2. Representa formas naturais e artificiais, de maneira analítica ou expresiva, atendendo á comprensión da súa estrutura interna. | CSIEE<br>CCEC      | ACT<br>OBS                  | R-ACT<br>LC-OBS            | 2.2                       |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.2. A perspectiva intuitiva e a súa aplicación no debuxo artístico.</li> </ul> | B2.2. Empregar a liña para a configuración de formas e transmisión de expresividade. | DA1.B2.2.1. Comprende e representa as formas desde distintos puntos de vista.  | CSIEE<br>CCEC      | ACT<br>TARE<br>OBS          | R-ACT<br>R-TARE<br>LC-OBS  | 2.3                       |
|  |   |  | DA1.B2.2.2. Describe graficamente as formas atendendo ás súas proporcións, relacionándoas con formas xeométricas simples.                  | CMCCT              | ACT<br>OBS                  | R-ACT<br>LC-OBS            | 2.4                       |

| <b>Debuxo Artístico I. 1º de bacharelato .Bloque 3. A composición e os seus fundamentos</b>                            |  |   |  |                           |                                    |                                   |                                  |
|--|--|---|--|---------------------------|------------------------------------|-----------------------------------|----------------------------------|
| <b>Obxectivos</b>  | <b>Contidos</b>  | <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Estándares de aprendizaxe</b>   | <b>Competencias clave</b> | <b>Procedementos de avaliación</b> | <b>Instrumentos de avaliación</b> | <b>Temporalización (Unidade)</b> |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Composición intuitiva. Concepto de equilibrio visual.</li> </ul>                              | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Elaborar composicións analíticas, descritivas e expresivas con diferentes graos de iconicidade.</li> </ul>   | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA1.B3.1.1. Selecciona os elementos gráficos esenciais para a representación da realidade observada segundo a función que se persiga (analítica ou subxectiva) e o seu grao de iconicidade.</li> </ul>  | CSIEE<br>CCEC             | ACT<br>TARE<br>OBS                 | R-ACT<br>R-TARE<br>LC-OBS         | 3.1                              |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Psicoloxía da forma. Leis visuais que rexen as relacións entre as formas do cadro.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.2. Aplicar as leis básicas da percepción visual ao representar distintos volumes xeométricos ou orgánicas dentro dun espazo compositivo, atendendo ás proporcións e á perspectiva.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA1.B3.2.1. Relaciona e representa as formas no plano atendendo ás leis visuais asociativas, ás organizacións compositivas, ao equilibrio e ás direccións visuais en composicións cunha finalidade expresiva, analítica ou descritiva.</li> </ul> | CAA                       | ACT<br>TARE<br>OBS                 | R-ACT<br>R-TARE<br>LC-OBS         | 3.2<br>3.3                       |

| <b>Debuxo Artístico I. 1º de bacharelato .Bloque 4. A luz. O claroscuro e a textura</b>      |  |  |  |                           |                                    |                                   |                                  |
|--|--|--|--|---------------------------|------------------------------------|-----------------------------------|----------------------------------|
| <b>Obxectivos</b>  | <b>Contidos</b>  | <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Estándares de aprendizaxe</b>   | <b>Competencias clave</b> | <b>Procedementos de avaliación</b> | <b>Instrumentos de avaliación</b> | <b>Temporalización (Unidade)</b> |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. A mancha como elemento configurador do volume. O claroscuro.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.1. Representar o volume de obxectos e espazos tridimensionais mediante a técnica do claroscuro.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA1.B4.1.1. Representa o volume, o espazo e a textura aplicando técnicas gráfico-plásticas mediante valores lumínicos.</li> </ul> | CSIEE<br>CCEC             | ACT<br>OBS                         | R-ACT<br>LC-OBS                   | 4.1                              |

| Debuxo Artístico I. 1º de bacharelato .Bloque 4. A luz. O claroscuro e a textura  |  |   |  |                      |                             |                            |                           |
|---|--|---|--|----------------------|-----------------------------|----------------------------|---------------------------|
| Obxectivos  | Contidos   | Criterios de avaliación   | Estándares de aprendizaxe  | Competencias clave   | Procedementos de avaliación | Instrumentos de avaliación | Temporalización (Unidade) |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> </ul>  |  |   |  |                      |                             |                            |                           |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> <li>▪ p</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. A construción das sombras. Valores tonais.</li> </ul>       | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Valorar a influencia da luz como configuradora de formas e o seu valor expresivo.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA1.B4.2.1. Coñece o valor expresivo e configurador da luz, en valores tanto acromáticos como cromáticos, e explicar verbalmente eses valores en obras propias e alleas.</li> </ul> | CCL<br>CSIEE<br>CCEC | ACT<br>EXA                  | R-ACT<br>EXA-O             | 4.1                       |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> </ul>              | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Iluminación. Tipos de luz e o seu comportamento.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.3. Explorar as posibilidades expresivas da textura visual e o claroscuro</li> </ul>             | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ DA1.B4.3.1. Observa e utiliza a textura visual con procedementos gráfico-plásticos, con fins expresivos e configuradores, en obras propias e alleas.</li> </ul>                     | CD<br>CCEC           | ACT<br>EXA<br>TARE          | R-ACT<br>EXA-O<br>R-TARE   | 4.2                       |

| Debuxo Artístico I. 1º de bacharelato .Bloque 5. A cor |  |  |  |                    |                             |                            |                           |
|--|--|--|--|--------------------|-----------------------------|----------------------------|---------------------------|
| Obxectivos   | Contidos   | Criterios de avaliación  | Estándares de aprendizaxe  | Competencias clave | Procedementos de avaliación | Instrumentos de avaliación | Temporalización (Unidade) |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ b</li> </ul>  | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Teoría da cor. Natureza.</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Coñecer e aplicar os</li> </ul> | <ul style="list-style-type: none"> <li>DA1.B5.1.1. Aplica a cor</li> </ul> | CSIEE              | ACT                         | R-ACT                      | 5.1                       |

| Debuxo Artístico I. 1º de bacharelato .Bloque 5. A cor  |  |  |   |                    |                             |                            |                           |
|---|--|--|---|--------------------|-----------------------------|----------------------------|---------------------------|
| Obxectivos  | Contidos   | Criterios de avaliación  | Estándares de aprendizaxe   | Competencias clave | Procedementos de avaliación | Instrumentos de avaliación | Temporalización (Unidade) |
| <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ i</li> <li>▪ m</li> <li>▪ n</li> <li>▪ d</li> <li>▪ g</li> </ul> | Dimensións e comportamento da cor. <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.2. Expresividade da cor.</li> </ul> | fundamentos teóricos sobre a cor e as relacións cromáticas, tanto na expresión gráfico-plástica como na análise de diversas manifestacións artísticas. | segundo as dimensións desta (valor-luminosidade, saturación-intensidade e cromatón) na representación de composicións e formas naturais e artificiais.  | CCEC               | TARE                        | R-TARE                     | 5.1                       |
|   |  |  | DA1.B5.1.2. Demuestra o coñecemento, con explicacións orais, escritas e gráficas, dos fundamentos teóricos da cor en composicións e estudos cromáticos. | CCL<br>CCEC        | ACT<br>EXA<br>TARE          | R-ACT<br>EXA-O<br>R-TARE   | 5.1                       |
|   |  |  | DA1.B5.1.3. Aplica de maneira expresiva a cor na obra plástica persoal.   | CCEC               | ACT<br>TARE                 | R-ACT<br>R-TARE            | 5.2                       |
|   |  |  | DA1.5.1.4. Analiza o uso da cor observando as producións artísticas de referencia en todas as súas manifestacións.                                      | CSIEE<br>CCEC      | ACT<br>TARE                 | R-ACT<br>R-TARE            | 5.3                       |
|   |  |  | DA1.B5.1.5. Representa os matices cromáticos, a partir de observación do natural, mediante a mestura de cores primarias.                                | CSIEE<br>CD        | ACT<br>TARE                 | R-ACT<br>R-TARE            | 5.3                       |

## 5.5 Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe para superar a materia

### 5.5.1 Grao de consecución de los estándares de aprendizaxe.

| Grao de consecución dos estándares de aprendizaxe nos distintos procedementos de avaliación. |   |
|--|---|
| 0  | Responde de forma totalmente errónea /realiza a práctica ou actividade de forma totalmente errónea ou non a realiza.  |
| 1  | Explica con erros, identificando poucos elementos e a relación entre eles. / Realiza as prácticas ou actividades pero ten bastantes fallos en bastantes delas. / Ten dificultades para comprender o problema e non escolle adecuadamente a maioría das estratexias para resolvelo.    |
| 2  | <b>Explica de forma algo incompleta pero válida. / Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas. / Comprende o problema de forma algo incompleta pero válida e a maioría de estratexias empregadas son válidas. NIVEL DE APROBADO(5). Mínimo.</b> |
| 3  | Explica de forma axeitada case todo identificando os elementos importantes e as súas relacións. / Resolve correctamente todas as actividades. / Comprende o problema e emprega as estratexias axeitadas para resolvelo.   |
| 4  | Destaca pola súa excelente explicación / comprensión / resolución / execución.  |

Na seguinte táboa recóllese os estándares de aprendizaxe e o seu grado mínimo de consecución.

### 5.5.2 Grao de consecución mínimo de 1º de Bacharelato.

| Estándares de aprendizaxe   | Grao de consecución mínimo   |
|---|--|
| <b>Bloque 1. O debuxo como ferramenta. (5 estándares)</b>   |  |
| DA1.B1.1.1. Valora e coñece a importancia do debuxo artístico, as súas aplicacións e as súas manifestacións a través da historia e na actualidade, co estudo e a observación de obras e artistas significativos/as. | Valora a importancia do debuxo artístico, as súas aplicacións e as súas manifestacións a través da historia e na actualidade, co estudo e a observación de obras e artistas significativos/as. |
| DA1.B1.1.2. Selecciona, relaciona e emprega con criterio a terminoloxía específica, de forma oral e escrita, en postas en común ou probas individuais, aplicada a producións propias ou alleas.                     | Selecciona con criterio a terminoloxía específica, de forma oral e escrita, en postas en común ou probas individuais, aplicada a producións propias ou alleas.                                 |
| DA1.B1.2.1. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráficas, adecuándoos ao obxectivo plástico desexado.                        | Enteiro  |
| DA1.B1.3.1. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.   | Enteiro  |
| DA1.B1.3.2. Amosa unha actitude autónoma e responsable, respectando o traballo propio e alleo.  | Enteiro  |
| <b>Bloque 2. Liña e forma. (4 estándares)</b>   |  |
| DA1.B2.1.1. Utiliza a liña na descrición gráfica de obxectos expresando volume, movemento, espazo e sensacións subxectivas.   | Enteiro  |
| DA1.B2.1.2. Representa formas naturais e artificiais, de maneira analítica ou expresiva, atendendo á  | Representa formas naturais e artificiais, de maneira analítica, atendendo á comprensión da súa estrutura   |

|  |   |
|--|---|
| comprensión da súa estrutura interna.  | interna.  |
| DA1.B2.2.1. Comprende e representa as formas desde distintos puntos de vista.  | Enteiro   |
| DA1.B2.2.2. Describe graficamente as formas atendendo ás súas proporcións, relacionándoas con formas xeométricas simples.  | Enteiro   |
| <b>Bloque 3. A composición e os seus fundamentos. (2 estándares)</b>   |   |
| DA1.B3.1.1. Selecciona os elementos gráficos esenciais para a representación da realidade observada segundo a función que se persiga (analítica ou subxectiva) e o seu grao de iconicidade.  | Enteiro   |
| DA1.B3.2.1. Relaciona e representa as formas no plano atendendo ás leis visuais asociativas, ás organizacións compositivas, ao equilibrio e ás direccións visuais en composicións cunha finalidade expresiva, analítica ou descritiva. | Representa as formas no plano atendendo ás organizacións compositivas, ao equilibrio e ás direccións visuais en composicións cunha finalidade expresiva, analítica ou descritiva. |
| <b>Bloque 4.A luz. O claroscuro e a textura. (3 estándares)</b>  |   |
| DA1.B4.1.1. Representa o volume, o espazo e a textura aplicando técnicas gráfico-plásticas mediante valores lumínicos.   | Enteiro   |
| DA1.B4.2.1. Coñece o valor expresivo e configurador da luz, en valores tanto acromáticos como cromáticos, e explicar verbalmente eses valores en obras propias e alleas.   | Enteiro   |
| DA1.B4.3.1. Observa e utiliza a textura visual con procedementos gráfico-plásticos, con fins expresivos e configuradores, en obras propias e alleas.   | Enteiro   |
| <b>Bloque 5. A cor (5 estándares)</b>  |   |
| DA1.B5.1.1. Aplica a cor seguindo as dimensións desta (valor-luminosidade, saturación-intensidade e cromaton) na representación de composicións e formas naturais e artificiais.   | Enteiro   |
| DA1.B5.1.2. Demostra o coñecemento, con explicacións orais, escritas e gráficas, dos fundamentos teóricos da cor en composicións e estudos cromáticos.   | Enteiro   |
| DA1.B5.1.3. Aplica de maneira expresiva a cor na obra plástica persoal.  | Enteiro   |
| DA1.5.1.4. Analiza o uso da cor observando as producións artísticas de referencia en todas as súas manifestacións.   | Enteiro   |
| DA1.B5.1.5. Representa os matices cromáticos, a partir de observación do natural, mediante a mestura de cores primarias.   | Representa algúns dos matices cromáticos, a partir de observación do natural, mediante a mestura de cores primarias.  |

## **6 - Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado**

*Todos os elementos do curriculares ponderan igual tendo o mesmo peso na cualificación, aínda que con diferencias en función dos instrumentos utilizados.*

Ao longo das distintas avaliacións faranse probas de todo tipo, aínda que a materia é moi procedimental polo que a carga maior será de probas prácticas, estas prácticas serán feitas na aula, non admitindo as integramente feitas na casa.

Teranse en conta dous aspectos:

- O grao de perfección no dominio do debuxo ou tarefa pedida.
- O progreso experimentado.

Haberá debuxos de prácticas que non contarán para a cualificación.

Para superar as carencias que se observen poderán facer practicas na casa que serán revisadas por min pero non cualificadas. **Esta é unha das maneiras de atender á diversidade nesta materia.**

As notas irán do 0 ao 10, **sendo o 5 a nota do aprobado.**

Tal e como se recolle na lexislación vixente:86/2015, do 25 de Xuño(DOG do 29), polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, na disposición adicional quinta, apartado 2, establece: *A nota media de cada etapa será a media aritmética das cualificacións numéricas obtidas en cada unha das materias, redondeada a centésima máis próxima e, no caso de equidistancia, á superior.*

Traballo en grupo: desenvolvemento da súa tarefa no grupo, respecto pola opinión dos demais, aceptación da disciplina do grupo, participación nos debates, integración.DA1.B1.3.2. POR MOR DA COVID NON PODERÁ DESENVOLVERSE.

Traer material necesario cada día.DA1.B1.3.1.

**Dado o carácter práctico desta materia, a recuperación dunha avaliación será gracias ao aprobado da seguinte a modo de avaliación continua.**

**Esta sería outra medida para atender á diversidade**, os ritmos individuais respectaranse practicando cousas similares constantemente aínda que para o alumnado de AACC faranse prácticas con máis complexidade se é necesario e útil.

**A recuperación final da materia será mediante proba escrita ( con partes prácticas e partes teóricas) de todos os contidos do curso ben en Maio, ben en Xuño, no caso de non aprobar por avaliacións.**

Todo o alumnado aprobado poderá presentarse á proba final global para tentar subir a media. Conservaríase a nota máis alta.

Póñoome a disposición nos recreos daquel alumnado que demande axuda. **Outra medida para atender á diversidade.**

No caso de que na realización das probas escritas ou prácticas, **o alumnado empregase métodos de comunicación, copia ou información non permitidos**, o exame ou exercicio en cuestión terá un 0.

Para o **alumnado que non asista á realización das probas escritas ou prácticas nas datas marcadas**, o profesor/a decidirá que facer dependendo da xustificación da falta, no caso de **enfermidade con xustificante** o profesor/a marcará outra data para a realización da mesma, esa data será como norma xeral o día de incorporación ás clases pero é necesario traer o xustificante médico da falta.

**Todos os estándares teñen o mesmo peso na cualificación.**

**A cualificación que acade un alumno ou alumna en cada avaliación calcularase seguindo a táboa.**

| INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN  | PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN   |
|---|---|
| Probas escritas e/ou probas orais   | Mesmo porcentaxe para todo.<br>No caso de non utilizar algunha das ferramentas de avaliación se repartirá a porcentaxe a partes iguais entre o resto. |
| Observación   |   |
| Actividades e exercicios<br>exercicios, esquemas, mapas mentais, monografías, arquivos de resumos e informes, caderno, aplicacións... |   |
| Tarefas<br>traballos de produción, portafolio.  |   |
| Total   | 100%  |

Ao final do curso:

|                            | PORCENTAXE NA NOTA FINAL |
|----------------------------|--------------------------|
| 1. <sup>a</sup> avaliación | 1/3                      |
| 2. <sup>a</sup> avaliación | 1/3                      |
| 3. <sup>a</sup> avaliación | 1/3                      |
| Total                      | 3/3                      |



## **7 - Indicadores de logro para avaliar o proceso e da práctica docente.**

Escala de estimación, sendo un 2 o valor mínimo aceptable.

| <b>Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente</b>                                  |  |          |          |          |          |                     |
|---|--|----------|----------|----------|----------|---------------------|
| <b>Critérios</b>  | <b>Indicadores</b>   | <b>4</b> | <b>3</b> | <b>2</b> | <b>1</b> | <b>Observacións</b> |
| Adecuación de obxectivos, actividades e contidos ás características e necesidade do alumnado. | Faise avaliación inicial cunha función diagnóstica:<br>Proba específica, Portfolio do Talento Total (PTT no modelo SEM),pirámide de Maslow.  |          |          |          |          |                     |
|   | A partir desa avaliación, deséñanse experiencias de aprendizaxe adaptadas ao grupo aula tentando que sexan aprendizaxes significativas, inductivas , contextualizadas, competenciais e estandarizadas (Tipo II do modelo SEM). |          |          |          |          |                     |
|   | Estrutúranse e organizan contidos dando unha visión xeral e utilizando diferentes modelos de instrucción.  |          |          |          |          |                     |
|   | A temporalización é flexible e adaptada á tarefa e ás necesidades do alumnado.   |          |          |          |          |                     |
|   | Facilítase a adquisición de novos contidos propoñendo un plan de traballo secuenciado, e diferenciado en función do avaliado no PTT.   |          |          |          |          |                     |
|   | Explícanse as finalidades das propostas de traballo facilitando o acceso á información das distintas intelixencias que hai no grupo aula.  |          |          |          |          |                     |
|   | As actividades, tarefas e exercicios plantexados son coherentes cos obxectivos operativos previstos que son os relacionados directamente cos estándares.   |          |          |          |          |                     |
|   | Permítese ao alumnado usar diferentes estilos expresivos á hora de presentar o solicitado.   |          |          |          |          |                     |
|   | Trabállanse actividades Tipo I (modelo SEM)  |          |          |          |          |                     |

|   |  |  |  |  |  |  |
|---|--|--|--|--|--|--|
|   | para conseguir motivación e novos intereses.   |  |  |  |  |  |
|   | Inténtase captar a atención por distintas vías: provocación, cercanía aos intereses persoais, traballos de libre escolla.  |  |  |  |  |  |
| Adecuación dos criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado | Os criterios de corrección, indicadores de cualificación e niveis de logro son claros e coñecidos polo alumnado.   |  |  |  |  |  |
|   | O feedback, individual ou grupal, é constante intentando describir máis que xulgar cunha linguaxe clara e nun ton de voz dialogante e reflexivo centrado na tarefa e non na persoa, propoñendo estratexias de mellora. |  |  |  |  |  |
|   | Téñense en conta os distintos protocolos de NEAE para adaptación de instrumentos de avaliación.  |  |  |  |  |  |
|   | Lévase a cabo unha avaliación auténtica inmersa nun proceso con propostas reais e contextualizadas.  |  |  |  |  |  |
|   | Fanse algunhas probas onde se lle require ao alumnado que explicita o proceso de resolución.   |  |  |  |  |  |
|   | Existen demandas de baixa, media e elevada complexidade cognitiva con probas de diversa modalidade de resposta.  |  |  |  |  |  |
|   | Ofrécese a posibilidade de revisar a propia proba e volver a realizar a mesma proba ou similar para subir a cualificación.   |  |  |  |  |  |
|   | Préstanse atención aos elementos transversais vinculados ao estándar.  |  |  |  |  |  |
|   | Ofrécese ao alumnado de forma rápida os resultados das distintas evidencias de aprendizaxe.  |  |  |  |  |  |
|   | Utilízanse diferentes e variados procedementos (técnicas) de avaliación cos instrumentos máis axeitados a eses procedementos.  |  |  |  |  |  |
| Grao de consecución das aprendizaxes acadadas polo alumnado                         | No momento da avaliación formadora levada a cabo (técnicas de observación e interrogación), régúlase o grao de aprendizaxe, e se toman as medidas  |  |  |  |  |  |

|  |  |  |  |  |  |  |
|--|--|--|--|--|--|--|
|  | oportunas antes do remate da UDI: axustes de temporalización, axustes na aplicación da diferenciación das propostas, recoñecemento do erro e posibilidade de corrección...                       |  |  |  |  |  |
|  | Utilización de ferramentas de autoavaliación (dianas, diarios reflexivos, teas de araña, rutinas de pensamento) cunha función metacognitiva e de autorregulación da aprendizaxe.                 |  |  |  |  |  |
|  | Utilización de instrumentos de coavaliación para regular aprendizaxes entre iguais.  |  |  |  |  |  |
|  | A devolución das probas avaliadas convértense nunha sesión de aprendizaxe.   |  |  |  |  |  |
|  | Na fase final da avaliación sumativa ou calificadora reflexiónase sobre as fortalezas e dificultades xurdidas valorando así a utilidade das medidas de mellora levadas a cabo durante o proceso. |  |  |  |  |  |
| Medidas ordinarias e extraordinarias de atención á diversidade dentro da aula. | Facíltanse estratexias de aprendizaxe respondendo de xeito individual á petición de axuda xa sexa en clase como en tempos de lecer.  |  |  |  |  |  |
|  | Utilización de diversas metodoloxías (Cooperativo, cultura do pensamento (TBL), Flipped Classroom (aula invertida), aprendizaxe baseada en proxectos (ABP) .                                     |  |  |  |  |  |
|  | Traballo de Enriquecemento curricular para toda a escola (modelo SEM).   |  |  |  |  |  |
|  | Utilización da diferenciación curricular.  |  |  |  |  |  |
|  | Aplicación das adaptacións metodolóxicas ordinarias nos instrumentos de avaliación e recursos ofrecidos, recopilados nos distintos protocolos NEAE.  |  |  |  |  |  |

|  |  |  |  |  |  |  |
|--|--|--|--|--|--|--|
|  | Elaboración, revisión e adaptación de medidas extraordinarias cando hai necesidade delas.  |  |  |  |  |  |
|  | Grao de implicación do profesorado nas titorías, reunións de equipo docente e departamento de orientación.   |  |  |  |  |  |
| Desenvolvemento da programación didáctica.   | Selecciónanse aqueles contidos e estándares básicos ou nucleares respondendo á pregunta que hai que aprender para seguir aprendendo?   |  |  |  |  |  |
|  | A temporalización en cada UDI é flexible e adaptada a os ritmos da aula e incluso individuais.   |  |  |  |  |  |
|  | A temporalización dos contidos adáptase ao proxecto desenvolvido polo equipo SEM do centro ou incluso pola colaboración con outras materias, departamentos ou proxectos e programas do centro. |  |  |  |  |  |
|  | Prímase o traballo de aula para desenvolver a programación, deixando os contidos máis memorísticos para estudar a casa.  |  |  |  |  |  |
| Organización da aula para desenvolver a programación   | A organización da aula é variada e flexible, con agrupamentos cooperativos, parellas e individual.   |  |  |  |  |  |
|  | O rol do profesorado vai variando en función das necesidades.  |  |  |  |  |  |
| Aproveitamento de recursos dispoñibles no centro e no contorno para desenvolver as programacións | Expóñense as evidencias de aprendizaxe do alumnado de xeito dixital (canal de youtube, blog...) e de xeito físico en diferentes espazos do centro e do concello.                               |  |  |  |  |  |
|  | Utilízanse todos os espazos permitidos en cada curso para desenvolver a programación (Biblioteca, aula de informática, espazos ao aire libre dentro do recinto...)                             |  |  |  |  |  |
|  | Colabórase coas familias e concello para desenvolver actividades Tipo I e III.   |  |  |  |  |  |
|  | Colaboración con outros membros da comunidade educativa do centro aproveitando así coñecementos e talentos persoais.   |  |  |  |  |  |

|   |  |  |  |  |  |  |
|---|--|--|--|--|--|--|
|   | Utilización doutros espacios da contorna cercana.  |  |  |  |  |  |
|   | Utilización dos recursos informáticos e audiovisuales do centro.   |  |  |  |  |  |
|   | Utilización pedagóxica de dispositivos tecnolóxicos do propio alumnado tipo móbiles e tablets.                                     |  |  |  |  |  |
|   | Participación activa nos distintos planes do centro ( plan lector, plan TIC)   |  |  |  |  |  |
|   | Contouse coa colaboración e implicación das familias para un mellor aproveitamento do traballo individual do alumnado na súa casa. |  |  |  |  |  |
| Coordinación co profesorado do mesmo curso. | Se fose necesario, coordinación co profesorado PT.   |  |  |  |  |  |
|   | Se fose necesario, coordinación co profesorado ARCO.   |  |  |  |  |  |
|   | Coordinación con profesorado participante no proxecto SEM  |  |  |  |  |  |
|   | Coordinación outro profesorado.  |  |  |  |  |  |

### **8 - Indicadores de logro para avaliar a programación docente.**

Neste apartado preténdese promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento da programación didáctica atendendo a uns criterios de adecuación, concreción , flexibilidade e viabilidade ; desglosados nos seguintes indicadores.

Escala de estimación, sendo un 2 o valor mínimo aceptable.

| <b>Avaliación da programación.</b> |          |          |          |          |                     |  |
|------------------------------------|----------|----------|----------|----------|---------------------|--|
| <b>Indicadores</b>                 | <b>4</b> | <b>3</b> | <b>2</b> | <b>1</b> | <b>Observacións</b> |  |

|   |  |  |  |  |  |
|---|--|--|--|--|--|
| Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.         |  |  |  |  |  |
| Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas.                                     |  |  |  |  |  |
| O desenvolvemento da programación respondeu á secu enciación e a temporalización previstas.                   |  |  |  |  |  |
| Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.                               |  |  |  |  |  |
| Adecuación da secuencia de traballo na aula.  |  |  |  |  |  |
| Adecuación dos materiais e recursos didácticos utilizados.  |  |  |  |  |  |
| Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.                                 |  |  |  |  |  |
| Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.  |  |  |  |  |  |
| Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.                                |  |  |  |  |  |
| Adecuación dos criterios establecidos para a cualificación desas materias pendentes.                          |  |  |  |  |  |
| Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.                           |  |  |  |  |  |
| Contribución desde a materia ao plan de lector do centro.   |  |  |  |  |  |
| Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.  |  |  |  |  |  |
| Adecuación das estratexias metodolóxicas nas Udis.  |  |  |  |  |  |
| Grao de claridade nos criterios de cualificación.   |  |  |  |  |  |
| Nivel de concreción do plan de actuación para que resulte de utilidade no proceso de ensino aprendizaxe.      |  |  |  |  |  |
| Nivel de flexibilidade para axustala á realidade das situacións imprevistas.                                  |  |  |  |  |  |
| Nivel de viabilidade respecto dos recursos que proporciona o centro educativo.                                |  |  |  |  |  |
| Nivel de coherencia e axuste ás intencións da PXA e á práctica docente real.                                  |  |  |  |  |  |
| Nivel de atención á diversidade.  |  |  |  |  |  |
| Nivel de interdisciplinariade.  |  |  |  |  |  |
| Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos. |  |  |  |  |  |
| Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre a propia programación.                              |  |  |  |  |  |

## **9 - Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

A recuperación do alumnado pendente doutros anos será nas datas asignadas trimestralmente para tal feito por medio de proba escrita, dos contidos e da práctica, do curso en cuestión. Estes exames farán media para non ter que examinarse en Maio cun global final.

Entregaranse apuntes referidos aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación do curso pendente en cuestión para a preparación destes exames se o alumnado o solicita. Firmarase un documento con dita entrega.

O alumnado suspenso é o responsable de vir falar comigo nun recreo sobre a materia pendente, pode darse o caso que non os teña de alumnos xa.

Asignarase unha data para facer un exame final en Maio teórico e práctico de todos os contidos do curso en caso de non ter superada a materia por trimestres.

Se no primeiro trimestre ten un NP=non presentado, pasarase directamente ao exame de Maio.

Atenderei todas as dúbidas e reforzos nos recreos que sexan necesarios a demanda do alumnado interesado.

## **10 - Deseño da avaliación inicial**

A avaliación inicial ten por obxecto o coñecemento do marco xeral no que vai ter lugar a acción docente. Terá en conta, ademais dos aspectos relacionados co currículo, a atención individualizada, os sistemas de comunicación e os recursos tecnolóxicos e didácticos dispoñibles. O Obxectivo deste tipo de avaliación é conseguir saber o aprendido e o grado de adquisición de competencias, ata o momento, para actuar en consecuencia.

¿Que avaliar? As respostas a esta pregunta poderían ser:

Coñecemento previo específico.

As características e circunstancias persoais.

As aptitudes.

A actitude.

A avaliación inicial basearase en varias fontes de información:

- Proba escrita ou oral realizada coa finalidade de detectar coñecementos previos.
- Observacións
- Cuestións iniciais das primeiras unidades didácticas.
- Preavaliación conxunta da xunta de avaliación.

O resultado da avaliación inicial permítenos orientar o proceso de ensinanza aprendizaxe e guiarnos na toma de decisións sobre grupos de traballo, actividades, ...

## **11 - Medidas de atención á diversidade**

Tendo en conta de que os ritmos de aprendizaxe difiren duns estudantes a outros, é labor do docente trazar as estratexias adecuadas para tratar que todos os alumnos e as alumnas dispoñan das mesmas oportunidades para alcanzar, por unha banda, os obxectivos marcados na etapa e, por outro, o grao de desenvolvemento persoal ao que pode optar cada cal. **ler punto 6 desta programación.**

É certo que o Bacharelato, pola súa propia concepción propedéutica, xa incorpora un criterio de homoxeneización do alumnado, que se atopa reforzado polo feito de que os estudantes deben escoller entre diferentes vías de estudos. Con todo, esta homoxeneización non é perfecta e, posiblemente, tampouco sexa desexable. Como en todo grupo humano, fan a súa aparición as características propias de cada un, que fan patentes diferentes ritmos de aprendizaxe, diferentes habilidades e diferentes competencias, que enriquecen ao grupo, pero que demandan unha atención expresa por parte de quen ten a obrigaón de ensinar. A todos eles é preciso ofrecerlles un camiño que lles permita conseguir o máximo grao de progreso persoal posible.

Nesta materia, o tratamento da diversidade enfocouse a través de dous fíos condutores:

1. A programación de contidos e o sistema de avaliación e cualificación, adaptada ao currículo oficial. A selección e estruturación da información mostrada ten o obxectivo de resultar familiar ao alumnado.
2. As diferentes actividades prácticas propostas para afianzar os contidos buscan xerar no alumnado unha disposición ao traballo, esforzo e compromiso persoais coa súa propia aprendizaxe, que favoreza a asimilación dos conceptos teóricos estudados.

A todo o anteriormente exposto hai que engadir a dispoñibilidade da profesora a atender os distintos ritmos de aprendizaxe nos recreos e incluso durante as clases.

## **12 - Elementos transversais**

Os **elementos transversais**, tales como a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional, traballaranse desde todas as áreas, posibilitando e fomentando que o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado sexa o máis completo posible.

A seguinte táboa recolle os elementos transversais:

|   |   |
|---|---|
| Desenvolvemento sostible do medio                               | 1 |
| Os riscos de explotación e abuso sexual                         | 2 |
| Abuso e maltrato das persoas con discapacidade                  | 3 |
| Situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das TIC | 4 |
| Protección ante emerxencias e catástrofes                       | 5 |



|   |    |
|---|----|
| Desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor                              | 6  |
| Adquisición das competencias para o desenvolvemento dos diversos modelos de empresa | 7  |
| Fomento da igualdade de oportunidades e do respecto ao emprendedor e ao empresario  | 8  |
| Ética empresarial   | 9  |
| Educación e seguridade vial   | 10 |

Nesta materia o elemento transversal traballado é o 1 e o 6 da táboa anterior.

### **13 - Actividades complementarias e extraescolares**

As actividades non poden precisarse no momento da elaboración desta programación pois dependen de que se concrete a oferta por parte das entidades que as xestionan ou que a temática sexa axeitada para desenvolver os estándares de aprendizaxe. E neste curso escolar, das medidas sanitarias.

### **14 - Accións de contribución ao proxecto lector**

Para o fomento da lectura e escritura e da comprensión lectora realizaranse actividades recollidas no Proxecto lector do IES de Mugarodos e adaptadas aos contidos da materia. As actividades poden variar en función do curso ou para unha mellor atención á diversidade. Entre outras realizaranse as seguintes actividades:

- Asunción da proposta de modelo para o alumnado de elaboración de traballos escritos recollidas no Proxecto lector.
- Lectura analítica e crítica dos textos propios de cada materia.
- Intervencións sobre o vocabulario específico da temática a tratar.
- Uso de lecturas complementarias extraídas de distintas fontes como prensa, revistas, páxinas web, etc. para reforzar coñecementos adquiridos.
- Lectura e posta en común das respostas do alumnado ás cuestións propostas, co obxectivo de provocar reflexión sobre as solucións aportadas.

### **15 - Accións de contribución ao proxecto TIC**

- Adquisición de información ( Internet, enciclopedias electrónicas, ...).
- Tratamento da información: elaboración de memorias, realización de debuxos, esquemas, planos, etc.

### **16 - Accións de contribución ao plan de convivencia**

Ademais de colaborar no que a nivel de centro se solicite, as normas e fomento dos valores de convivencia forma parte da esencia mesma da nosa labor docente. As dinámicas de grupo, o método de resolución de problemas son principios metodolóxicos

que nos son propios.; así como os contidos transversais que van parellos ó resto dos contidos das materias.

### **17- Información ás familias.**

As programacións expoñeranse publicamente tanto na páxina web do centro como dentro da aula.

Ademáis utilizo Abalar, correo electrónico e teléfono.

A miña hora de atención as familias é os Mércores as 11.35 h. ata as 12.25h.